

Solidariedade en tempos de crise

**EROSKI E OS SEUS CLIENTES ACHEGAN UN
MILLÓN DE EUROS A TRAVÉS DO SEU
PROGRAMA CÉNTIMOS SOLIDARIOS**

- As primeiras causas solidarias ás que se destinaron as doazóns foron os Bancos de Alimentos, o apoio á vacinación infantil e a axuda ás familias con menores afectados polo cancro infantil
- O mes de marzo esta iniciativa ten por obxectivo a axuda ás mulleres e menores vítimas da violencia de xénero
- *Céntimos Solidarios* é un novo programa permanente a través do cal os clientes poderán contribuír a diferentes causas sociais elixidas tras unha escoita a máis de 3.500 Socios-Cliente

Elorrio, 25 de marzo do 2021.- [EROSKI](#) e os seus clientes deron canalizado xa un millón de euros a través do seu programa permanente [Céntimos Solidarios](#), co cal os clientes poden decidir engadir uns céntimos ao seu ticket de compra e destinar esa cantidade á causa social activa nese momento, causas que se escolleron previamente a partir dunha escoita a máis de 3.500 Socios-Cliente. Polo de agora lévanse realizado máis de 7 millóns de doazóns para as causas solidarias que se levaron a cabo.

A iniciativa comezou o pasado novembro e a primeira das entidades sociais que recibiu as achegas foi a [Federación Española de Bancos de Alimentos \(FESBAL\)](#), con quen a cooperativa leva máis de 20 anos a colaborar. Os cartos doados destináronse aos Bancos de Alimentos de cada zona para lles proporcionar produtos de alimentación ás familias que quedaron en situación de vulnerabilidade tras a emerxencia sanitaria.

A segunda causa de colaboración solidaria foi a prol de [UNICEF](#), [Médicos Sen Fronteiras](#) e [ACNUR](#), a través de quen EROSKI apoiou as súas accións de vacinación infantil nos países en vías de desenvolvemento. Esta campaña, vixente en xaneiro, axudou a vacinar a máis de 100.000 nenos e nenas contra enfermidades como o sarampo, a polio ou o cólera en diferentes países en desenvolvemento, tales como a República Democrática do Congo e os campos do leste do Chad.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
KRISTIAN PRIETO

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA

CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)

Outro dos proxectos apoiado polos *Céntimos Solidarios* de EROSKI foi a axuda a máis de 12.000 familias con menores afectados por cancro infantil, a través da colaboración coa [Federación Española de Pais de Nenos con Cancro \(FEPNC\)](#) ou asociacións locais como [ASPANAFOA](#) en Araba ou [AMARA](#) en Cantabria, que poderán reforzar as súas actividades para chegar a máis familias e robustecer os seus servizos.

A axuda ás mulleres e aos menores vítimas da violencia de xénero, en colaboración coa [Fundación Ana Bella](#) e co [Fondo de Bolsas Soledad Cazorla](#) é a campaña que está en marcha nestes intres nas tendas de EROSKI. As contribucións que se consigan permitirán un mellor apoio e asesoramento a case 400 mulleres e menores vítimas da violencia de xénero.

"Unha vez máis queremoslles agradecer aos nosos clientes a xenerosidade e o apoio amosado para alcanzarmos a cifra do millón de euros a través desta exitosa iniciativa. Están a demostrar un alto grao de solidariedade durante esta crise sanitaria que afectou a moitas persoas en situación de vulnerabilidade", explicou o director de Saúde e Sustentabilidade de EROSKI, Alejandro Martínez Berriochoa.

Céntimos Solidarios, apoio a diferentes causas sociais

A través do novo programa permanente *Céntimos Solidarios*, os clientes de EROSKI poderán facer unha pequena doazón a unha causa benéfica ao pagaren a compra con tarxeta ou móbil. O donativo, sempre voluntario e confidencial, supón unha achega de 10 céntimos cando a compra está entre 5 e 30 euros, e de 20 céntimos para compras superiores a 30 euros.

"Entendemos o programa de Céntimos Solidarios como unha ferramenta moi eficaz para que os nosos clientes poidan canalizar dunha maneira sinxela o seu compromiso coas distintas causas sociais. É un programa permanente a través do que apoiaremos a distintas entidades, de distintos eidos, sempre co denominador común de axudar os colectivos máis necesitados", sinalou o director de Saúde e Sustentabilidade de EROSKI.

As entidades e organizacións ás que irán destinadas as axudas irán cambiando periodicamente e a súa elección responde ás preocupacións recollidas por EROSKI de entre os seus Socios-Cliente. As necesidades da infancia, o coidado do medio natural, os colectivos en risco de exclusión social ou afectados polo cancro ou outras enfermidades, a cooperación internacional ou o apoio ás vítimas da violencia de xénero son algunhas das causas apoiadas polos socios de EROSKI ás que a cooperativa estenderá o seu programa *Céntimos Solidarios*.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
KRISTIAN PRIETO

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)

EROSKI pon en marcha esta nova iniciativa en colaboración con Worldcoo, a empresa social española que desenvolve e pon en marcha diferentes canles de recadación para axudar as entidades sociais e medio ambientais a executaren os seus proxectos.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
KRISTIAN PRIETO

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

**EROSKI – OFICINA DE PRENSA
CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)